

## MESTRE DA CONCENCIA GALEGA

Por RAMÓN PINEIRO

A conciencia colectiva de Galicia como pobo foise deteriorando progresivamente ao longo dos séculos modernos. A presión constante das poderosas forzas que dominaron o seu destino histórico non se limitou á centralización do poder político na dinastía que reinaba desde Castela —que ao cabo foi un fenómeno histórico xeral—, senón que exercéu o seu influxo erosivo dentro da propia Galicia. Ademais da concentración do poder decisorio na Corte castellana, na mesma Galicia levóuse a cabo un enérxico proceso de castellanización cultural que terminou por quebrar a unidade espiritoal dos galegos.

A incorporación política do Reino de Galicia á coroa de Castela, feito inevitable polo decorrer da historia, podía producirse de dúas maneiras: ou incorporar o Reino como tal, respectando a súa personalidade histórica e cultural e avencellando o seu potencial á política dinástica, ou, desdeñando a súa personalidade histórica e cultural como tal Reino, proceder á súa “castellanización”, ou sexa, á súa desgaleguización.

O camiño que se seguiu foi o da castellanización, o da desgaleguización. Así, a Administración, a Eirexa e a burguesía urbana actuaron en Galicia como si non existira unha lingua e unha cultura galegas. En lugar de percuraren a coexistencia das dúas linguas e das dúas culturas, como sería o natural para un maior arriquecemento do patrimonio cultural hispano, procederon á implantación unilateral da lingua e da cultura castelanas. Mas como na realidade existían a lingua e a cultura galegas, enfrentáronse co feito mediante a agresión política da súa exclusión e mediante a agresión social do menosprecio.

A eliminación do galego como lingua escrita e o menosprezo social aos galego-falantes deron lugar a unha brutal discriminación segundo a cual falar galego era sinal de atraso, de incultura, de inferioridade, e falar castelán era sinal de cultura, de boa crianza, de superioridade. Esta discriminación quebróu a unidade cultural de Galicia, dando lugar á existencia de dúas Galicias, unha Galicia *galega* e unha Galicia *castellanizada*, coa total hexemonía da segunda sobre a primeira. Esta foi a primeira grave fractura interna da unidade galega —a súa unidade espiritoal de pobo con personalidade propia—, fractura que había de ter tremendas consecuencias deprimentes na nosa psicoloxía colectiva.

Si a primeira fractura grave produciuse na nosa unidade como pobo, a segunda produciuse na nosa unidade como país ao dividir a Galicia en catro provincias independentes entre si e cada unha delas directamente avencellada a Madrid. Coa nosa cultura abafada durante séculos e co noso país fragmentado en parcelas, aos galegos non nos quedaba máis sentimento de unidade que a emoción do noso folklóre e a emoción da nosa paisaxe.

Frente a esta depauperación espiritoal, que séculos de adversidade foran producindo, do seo da nosa comunidade foron xurdindo voces inconformistas. Xurdiron, claro, entre as xentes de cultura superior, as únicas que nesas circunstancias podían comprender o alcance do dano e reaccionar contra as súas consecuencias. Así, por exemplo, no XVIII o P. Sarmiento, o Cura de Fruíme e algúns dos nosos ilustrados, e no XIX Faraldo, Vicetto, Murguía, Brañas, Rosalía, Pondal e Curros, entre outros. Mas foi no noso século, coa creación das "Irmandades da Fala", cando a minoría culta fiel ao país cobrou conciencia plena de que a lingua e a cultura eran o núcleo fundamental da nosa personalidade de pobo. Foron os homes das "Irmandades" os que comprenderon que os estragos depauperadores producidos na nosa conciencia colectiva por séculos de centralismo, de absolutismo e de castellanismo unilateral, somentes podían ser superados mediante a revitalización da nosa personalidade xenuína, mediante a recuperación e a afirmación da nosa capacidade de creación cultural.

Os homes das "Irmandades" proseguiron a tradición dos nosos ilustrados e dos nosos románticos no tocante á reivindicación do noso pasado histórico e ao estudo da nosa realidade



presente, así como ao cultivo literario da nosa lingua. Mas nesa liña tradicional de lealtade a Galicia, eles dan un paso radical e decisivo: o da plena galeguización da actividade cultural galega. Deica eles, salvo na poesía e nalgúns intentos de prosa narrativa ou dramática a lingua cultural dos intelectuáis galegos seguía sendo o castelán. A esmagadora presión social dunha tradición secular, impúñalles esa contradicción íntima, que só os poetas quebraron con forza exemplar. Os homes das "Irmandades" déronlle plena vixencia cultural á revolución iniciada polos poetas no XIX. Recollen, xa que logo, a dobre tradición anterior: a tradición investigadora do noso pasado e da realidade contemporánea e máis a revolución cultural iniciada polos poetas. Recollen esta dobre tradición anovándoa, actualizándoa, profundizándoa. E, apoiados nela, percuran que a conciencia colectiva de Galicia, ao descubrir a súa propia identidade, cobre confianza en si mesma.

Castelao é un deses homes das "Irmandades". É un dos homes que levan á súa plenitude a revolución espiritoal da galeguización da cultura galega. Todos eles, cada ún desde o seu campo intelectual propio, acometéu con entusiasmo a realización desa empresa trascendente. Pola eficacia do seu esforzo pódese decir que son os mestres da Galicia do século XX, xa que eles foron quenles lle deron o pulo e a orientación que a había de configurar na súa fisonomía peculiar.

Dentro do maxisterio colectivo exercido polos homes das "Irmandades" Castelao desenvolve un labor notablemente orixinal. Tomados en conxunto, son homes de formación humanística e, nalgúns casos, de ampla cultura europea, que saben expresar na nosa lingua. Ora, Castelao distínguese do conxunto por dúas características personáis: por se valer do dibuxo como medio de expresión —ademáis da palabra, como os demais—, e por partir fundamentalmente da cultura popular.

Soupo identificarse íntimamente coa mentalidade popular e expresala con gran eficacia artística, tanto por medio da palabra como por medio do dibuxo. E foi sobre todo a súa actividade de dibuxante a que lle deu rápida e grande popularidade. Por eso foi el, entre todos, o que máis amplamente contribuíu ao despertar da nosa conciencia colectiva. Por eso foi e sigue sendo un verdadeiro mestre da conciencia galega.